

Recurso nº 4/2019**Resolución nº 13/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 18 de xaneiro de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. G.A.S. actuando en nome e representación de URBASER, S.A. contra o acordo da Comisión executiva da Mancomunidade de data 15.11.2018 na contratación da “prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) fracción resto, recollidas selectivas e transporte a plantas de transferencia, concellos de Cambados e Vilanova de Arousa” expediente 2018/RSSU licitado pola Mancomunidade do Salnés, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Mancomunidade do Salnés convocouse a licitación do contrato de prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) fracción resto, recollidas selectivas e transporte a plantas de transferencia, concellos de Cambados e Vilanova de Arousa , cun valor estimado declarado de 3.588.559,45 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE e na Plataforma de contratos del sector público o día 28.04.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en adiante).

Terceiro.- O recorrente impugna o acordo da Comisión executiva da Mancomunidade de data 15.11.2018.

Cuarto.- O día 03.01.2019 URBASER, S.A. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia e na web do TACGal.

Quinto.- Na mesma data reclamouse á Mancomunidade do Salnés o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adelante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 14.01.2019.

Sexto.- Este Tribunal en sesión do 10.01.2018 acordou manter a suspensión do procedemento de licitación.

Sétimo.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- O recorrente foi licitador e segundo clasificado, polo que ten lexitimación.

Cuarto.- A notificación do acordo impugnado foi recibida o día 20.12.2018, polo que o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- Atendendo ao artigo 44.1 LCSP, é unha licitación dun contrato de servizos por importe superior a 100.000 euros, polo que o recurso é admisible.

Sexto.- No tocante ao artigo 44.2 LCSP, o órgano de contratación no seu informe alega como causa de inadmisión do recurso que a impugnación se dirixe contra o acordo de adxudicación da licitación e que *“ata a data non se procedeu a adoptar o acordo de adxudicación do servizo, senón acordo de aceptación das propostas da mesa de contratación”*, estando o expediente pendente de adxudicación polo órgano de contratación.

A literalidade do acordo impugnado no que aquí se refire é a seguinte:

“SEGUNDO.- Aceptar a proposta da Mesa de contratación relativa á clasificación das propostas, resultando a seguinte clasificación en orde decrecente das propostas formuladas por:

1º.- VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A.

2º.- URBASER S.A.

TERCEIRO.- Aceptar a proposta de adxudicación a favor da proposta que presenta a empresa: VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A.

CUARTO.-Requirir á empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A. para que presente a documentación prevista na cláusula 5.12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

A lectura do acordo determina que debemos entender que a licitación se sitúa no momento procedimental previsto no artigo 150.2 da LCSP, é dicir, con carácter previo á adxudicación, sen que do expediente remitido a este Tribunal conste que a mesma se teña producido neste momento, e así o asevera o informe do órgano de contratación.

En consecuencia, atopámonos ante un mero acto de trámite de carácter interno do órgano de contratación, contra o que non cabería a interposición deste recurso especial de acordo co establecido no artigo 44.2 da LCSP.

Agora ben, é necesario sinalar que na notificación deste acordo remitida ao recorrente se recollía expresamente que contra o mesmo procedería a interposición

deste recurso especial, se ben ese erro, que puido ser determinante na confusión do agora recorrente, non pode determinar, por si mesmo, a admisibilidade do recurso.

Cómpre salientar que a inexistencia do concreto acto impugnado non pode ser superado por unha concepción antiformalista deste recurso que chegue a que suplamos o que debe corresponder a un recorrente, como é a impugnación do concreto acto onde se decide o que se pretende revogar, o que determina necesariamente que se deba inadmitir o recurso presentado.

Así, debemos precisar que o acto de adxudicación, como tal, é un acto propio do órgano de contratación unha vez formulada proposta de adxudicación e tras a oportuna valoración do correcto cumprimento dos trámites previstos no artigo 150.2 da LCSP. En definitiva, dado o carácter revisor das decisións deste Tribunal, non é posible un pronunciamento ao respecto dun acto aínda non materializado e do que se descoñece o seu sentido e contido.

Igualmente, non se pode entender vulnerado o dereito de defensa do recorrente porque será nun momento ulterior, unha vez adoptada a decisión de adxudicación polo órgano de contratación e á vista do seu contido, cando poderá interpoñer, de entendela necesario, recurso especial contra a mesma.

En conclusión e de acordo co previsto no artigo 55 LCSP debemos declarar a inadmisibilidade recollida no apartado c) do mesmo referida á *“interposición do recurso contra actos non susceptibles de impugnación, de conformidade co disposto no artigo 44”*.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por URBASER, S.A. contra o acordo da Comisión executiva da Mancomunidade de data 15.11.2018 na contratación da “prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) fracción resto, recollidas selectivas e transporte a plantas de transferencia, concellos de Cambados e Vilanova de Arousa” licitado pola Mancomunidade do Salnés, expediente 2018/RSSU.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.